



Prezada comunidade:

A Xunta de Galicia vén de outorgar na súa décimo oitava edición o [Premio María Josefa Wonenburguer](#) á Directora Científica de ECOBAS, María Loureiro. O xurado, que tomou a decisión por unanimidade, que por primeira vez recae nunha investigadora das Ciencias Sociais, e que supón o recoñecemento ao seu labor científico nos eidos da enerxía, a economía ambiental e agrícola. Na nosa comunidade estamos de noraboa por este premio, por canto supón para a visibilización e a valorización das disciplinas das Ciencias Sociais e, por suposto, do traballo que están a desenvolver as mulleres na ciencia na actualidade.

Encaramos así a recta final dun ano cheo de boas noticias para ECOBAS, despois do importante fito que supuxo para o futuro das Ciencias Sociais en Galicia a consecución da nosa acreditación como Centro Colaborativo da Rede CIGUS; e hai poucas datas soubemos tamén que tres dos membros do noso equipo investigador foron quen de ser incluídos no prestixioso [World's Top 2% Scientists de Stanford](#): Cristina Calvo Porral, María Loureiro e Juan Carlos Reboredo. Moitos parabéns!!!

En atención especial á nosa mocidade investigadora, lembramos que **hoxe luns 18 de novembro remata o prazo** para a presentación de alegacións á listaxe de solicitudes admitidas e excluídas á convocatoria de **Bolsas de Inicio á Investigación en Economía para o curso 2024/2025**.

Polo demais, ofrecemos coma sempre nesta newsletter as próximas convocatorias en axenda e o repaso doutras convocatorias de interese para o ecosistema investigador en Ciencias Sociais.

Que teñades moi boa semana!

>>> **BOLSAS ECOBAS DE INICIO Á INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA:**

Listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas



Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación da UVIGO vén de publicar a [listaxe provisoria de persoas admitidas e excluídas](#) á convocatoria de Bolsas ECOBAS de Inicio á Investigación en Economía deste curso 24/25.

- PRAZO ALEGACIÓNS: ATA o 18 de novembro de 2024 ás 23:59 h.
- Preme aquí para acceder ao [FORMULARIO de alegacións na sede electrónica da UVIGO](#)

AXENDA



>>> DEFENSA DE TESE: PAULO GOUVEIA SANCHES

LUNS
18/11
11:00 H

“ESSAYS ON MANAGEMENT ACCOUNTING IN PUBLIC HIGHER EDUCATION INSTITUTIONS - THE CASE OF PORTUGAL”

- ACTIVIDADE PRESENCIAL
- Localización: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVIGO - Salón de Graos.



>>> EMPRENDEMENTO: INFORME GEM GALICIA 2023-2024

MARTES
19/11
10:00 H

Isabel Neira, coordinadora da Área de Transferencia de ECOBAS, é a directora técnica do equipo **GEM Galicia**, observatorio que analiza e avalía o impacto da actividade emprendedora no crecemento económico como factor determinante para o desenvolvemento e benestar das sociedades nas que ten lugar.

Sara Fernández López, Alberto Vaquero, Ernesto López-Valeiras e María Bastida, todos eles investigadores permanentes de ECOBAS, son tamén compoñentes deste observatorio que presentará o Informe 2023-2024 na sede da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), nun acto en colaboración coa USC e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración:

- ACTIVIDADE híbrida. [Consultar programa](#). Máis [información e inscricións, AQUÍ](#).
- Localización: Salón de Actos da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Rúa do Vilar, 54. Santiago de Compostela.
- Martes 19 de novembro de 10.00 a 14.00 horas.

>>> EXPLORANDO O FUTURO DOS MERCADOS LABORAIS NO EIXO ATLÁNTICO: CIENCIA, SOSTIBILIDADE, TECNOLOXÍA E ESTUDOS MARIÑOS

27 e 28
NOVEMBRO

SAVE THE DATE! O Instituto Universitario de Estudos Marítimos da UDC que dirixe a investigadora de ECOBAS **Isabel Novo Corti** está a organizar un novo encontro divulgativo, nesta ocasión sobre a economía laboral e o sector marítimo.



INSTITUTO
UNIVERSITARIO
DE ESTUDIOS
MARÍTIMOS

- ACTIVIDADE PRESENCIAL.
- [Programa dispoñible proximamente](#).
- Lugar: Facultade de CC. do Traballo - Universidade da Coruña
- Datas e horarios: mércores 27 de 17:00 a 20:00 h e xoves 28 de novembro de 10:00 a 20:30 h

ACTUALIDADE



>>> **ECOBAS, ENTIDADE CONVIDADA AO DIÁLOGO SOCIAL NO ENCONTRO DE DEBATE PARA AMÉRICA LATINA E O CARIBE**

A Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID) organiza no marco do “Programa democracia” e en colaboración co Consejo Económico y Social de España (CES), o encontro **Diálogo social - Encuentro de debate para América Latina y el Caribe**, que terá lugar os vindeiros 26 e 27 de novembro no Centro de Formación de la Cooperación Española en Montevideo.

ECOBAS, entidade convidada polo “gran valor” que a perspectiva do noso Centro de Investigación pode aportar a este encontro, estará presente na **mesa de Diálogo IV “Crise medioambiental e transición xusta: o papel do diálogo social”**, na que participará a nosa investigadora permanente e profesora da USC, **María Bastida**.

>>> **ECOBAS NO WORLD’S TOP 2% SCIENTISTS DE STANFORD**



A investigadora permanente de ECOBAS Cristina Calvo Porral; a directora científica do noso Centro, **María Loureiro**; e un dos nosos investigadores garante, **Juan Carlos Reboredo**, actualmente en servizos especiais á fronte da Oficina Económica da Xunta de Galicia; son os tres membros do equipo ECOBAS incluídos na última actualización anual (outubro 2024) do World’s top 2% Scientists de Stanford. Moitos parabéns de todo o equipo!!!

Este prestixioso ranking identifica aos principais investigadores do mundo, que representan aproximadamente o 2% de toda a comunidade científica. Abarca datos estandarizados sobre citas, índice h e unha ampla gama de indicadores bibliométricos. O persoal investigador se clasifica en 22 campos científicos e 174 subcampos, baseándose nos datos de Scopus proporcionados por Elsevier a través do ICSR Lab.

>>> **MARÍA LOUREIRO, PREMIO MARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS 2024**



O pleno da Unidade da Muller e da Ciencia da Xunta de Galicia decidiu outorgar hoxe, por unanimidade, o Premio María Josefa Wonenburger Planells á catedrática de Fundamentos de Análise Económico da Universidade de Santiago de Compostela e directora científica de ECOBAS, María Loureiro que, segundo afirman mediante comunicado, está “considerada unha das científicas máis influentes do mundo”.

Este galardón se concede por vez primeira a unha carreira investigadora pertencente ás Ciencias Sociais e recoñece o labor de Loureiro na investigación nos eidos da enerxía, a economía ambiental e agrícola, onde conta con traballos coma a avaliación económica dos danos ambientais do Prestige presentado como pericial económica no xuízo celebrado na Audiencia Provincial da Coruña no ano 2013. Actualmente, ademais do seu labor á fronte de ECOBAS, Loureiro compatibiliza a súa tarefa docente na USC co proxecto estratéxico CIBERECO sobre “A economía do cambio climático: vulnerabilidade e políticas de adaptación e mitigación en España”, financiado polo INCIBE - Instituto Nacional de Ciberseguridad.

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> ECOBAS CELEBROU O SEU ENCONTRO CIENTÍFICO ANUAL POR PRIMEIRA VEZ COMO CENTRO COLABORATIVO DA REDE CIGUS



ECOBAS, o Centro de Investigación Interuniversitario das Ciencias Sociais, celebrou no Centro de Estudos Avanzados da **USC** o seu encontro científico anual o pasado 18 de outubro.

A vicerreitora de Política Científica da USC, **Pilar Bermejo Barrera**, foi a encargada de abrir a xornada de traballo augurando “un gran futuro para ECOBAS” trala consecución en maio deste mesmo ano do selo de Centro Colaborativo da rede de excelencia CIGUS da Xunta de Galicia.

Bermejo ensalzou o valor da investigación en Ciencias Sociais e compartiu o seu convencemento de que ECOBAS se atopa no camiño correcto para chegar ao recoñecemento como Centro Singular do SUG.

O encontro comezou coa conferencia do profesor convidado Manuel Rocha Armada, da Universidade de Minho, á que seguiu un nutrido debate sobre o equilibrio entre a rendibilidade empresarial, o movemento dos mercados de capitais e a necesidade de cumprir cos criterios e as políticas ESG (que integra os factores ambientais, sociais e de goberno corporativo na actividade empresarial), así como sobre os problemas derivados do Greenwashing, aspectos todos eles nos que traballa o equipo investigador de ECOBAS das áreas de Economía e Empresa.

A continuación, a directora científica de ECOBAS, María Loureiro, abriu a sesión interna para presentar ante o Comité Asesor Externo e o equipo investigador a evolución do Centro dende a súa creación, cifrada en 4,9 M€ captados no periodo 2020-2022 e 3,73 M€ no ano 2023. Esta contía supón unha media de obtención de fondos superior a 44.000 euros per cápita (investigadoras/es permanentes) no último exercicio.

>>> A DIRECTORA DA OFICINA NACIONAL DE PROSPECTIVA E ESTRATEXIA, SARA BALIÑA, EN ECOBAS: “HAY QUE DESARROLLAR NUEVAS FORMAS DE CRECER”



A intervención da economista galega Sara Baliña no foro ECOBAS celebrado o pasado 30 de outubro puxo de manifesto a importancia da investigación en Ciencias Sociais para anticipar tendencias, identificar necesidades e deseñar políticas públicas que contribúan ao benestar e a calidade de vida, a resiliencia e a sostibilidade da nosa sociedade e do noso modelo económico. É posible anticipar o futuro? Segundo explicou Baliña en relación co traballo que desenvolve a súa oficina, “temos unha brúxula de país que permite monitorizar o avance nos distintos indicadores” de progreso. Ademais do acto público celebrado na sede do Consorcio da Zona Franca de Vigo, ECOBAS celebrou unha xuntanza privada con membros do equipo investigador que contou tamén coa participación do Reitor da UVIGO, Manuel Reigosa.

COMUNIDADE



>>> DIVULGACIÓN

Le aquí as últimas colaboracións en medios de comunicación asinadas por **membros do equipo investigador ECOBAS**:

- [“El capital social como bien público”](#), por Isabel Novo Corti. La Voz de Galicia, 10/11/2024.
- [“El club de los hombres ricos: una barrera invisible para la carrera profesional de las mujeres”](#), por Paolo Rungo. The Conversation España, 7/11/2024.
- [Podcast coa entrevista á directora científica de ECOBAS, María Loureiro](#). Programa La Ciencia es Femenino, 17/11/2024.

>>> **IV ENCONTRO OPORTUNIUS: OPORTUNIDADES PARA UNHA CARREIRA CIENTÍFICA EXCELENTE EN GALICIA**



Dar a coñecer o impacto que están a ter as axudas do European Research Council (ERC) no impulso da ciencia de excelencia na nosa comunidade, e como se artella o Programa Oportunius da Xunta de Galicia para buscar maximizar dito impacto son os obxectivos deste encontro, que tamén contará cunha representante da FECYT para abordar os novos instrumentos de apoio á carreira científica.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL. [Ver programa](#).
- Cidade da Cultura. Hall do Museo Centro Gaiás. Santiago de Compostela.
- Xoves 21 novembro de 10.30 a 13.00 horas.
- INSCRICIÓN **ata o 18 de novembro** [AQUÍ](#)




>>> CONVOCATORIAS PERSOAL EN FORMACIÓN

- UVIGO: [Axudas para a contratación de persoal investigador predoutoral en formación asociado a Projectos de Generación de Conocimiento, 2023 \(FPI 2024\)](#). PRAZO: ATA 28 NOVIEMBRE.
- UVIGO: [Axudas para contratos predoutorais da Universidade de Vigo](#). PRAZO: ATA 28 NOVIEMBRE.

MÁIS COMUNIDADE



»»» CALL FOR PAPERS | ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS



A Revista Galega de Economía, da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo Penela**, ten aberta a chamada para o número especial que esta publicación adicará á análise do comportamento pro-ambiental no traballo e o comportamento pro-ambiental dos consumidores.

Call for papers ata o 31 de decembro de 2024.

Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.

»»» ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS



Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais, como o acto de apertura de curso 24/25:



<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

